



## 29. ASPECTOS DERIVADOS DA TRANSICIÓN AS NOVAS NORMAS CONTABLES.

### ESTADO DE CONCILIACION ASENTOS PECHE 2014 E APERTURA 2015.

IMPORTE ASENTO PECHE 2014 (AC 2014- 58422 )	832.302.948,79 €
Traspaso saldo conta 109 a 120	-128.153.995,18 €
Traspaso saldo conta 221 a 120	-30.392.103,92 €
IMPORTE ASENTO APERTURA 2015 (AI 2015-78173)	673.756.849,69 €

### AXUSTES REALIZADOS.

Tendo en conta as “Notas para a apertura contable do 1 de xaneiro de 2015” emitidas pola IGAE, foron realizados os seguintes axustes:

1.- O saldo da conta 109 “Patrimonio entregado ao uso xeral” que presentaba un saldo de 128.153.995,18.-€ foi incorporado á conta 120 “Resultados de exercicios anteriores”.

2.- Polo que respecta ao saldo da conta 201 “Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral” de 36.036.863,20.-€ foi posible identificar aquelas obras que se atopaban en curso a 31 de decembro de 2014 a raíz da análise de proxectos de gasto realizada para a incorporación de remanentes ao 2016. Por conseguinte foron realizados os seguintes axustes:

- As infraestruturas en curso a 31 de decembro de 2014 ascendían a 5.644.759,28.-€ segundo o cadro seguinte, polo que se rexistrou a 1 de xaneiro de 2015 a conta 232 con dito saldo.

N.º PYG	DENOMINACION	EN CURSO A 31/12/2014
131161972002	STA CLARA	482.218,85 €
141161901023	NOVO ACCESO SUR	2.299.915,81 €
141161972062	CARRIL BICI	89.114,28 €
141161972057	AVDA COMP	61.561,15 €
	SOTERR MONTEPOR	449.994,81 €
MANUAL	C. CAMPOLONGO	2.261.954,38 €
		<b>5.644.759,28 €</b>

- O saldo restante da conta 201 por importe de 30.392.103,92.-€ pódese afirmar que se corresponde con infraestruturas xa rematadas polo que por normativa contable deberon pasar a Patrimonio entregado ao uso xeral e, en consecuencia coa apertura de 2015 á conta 120 Resultados de exercicios anteriores.

3.- No mesmo senso foi anotada ao inicio do exercicio na conta 232 Construcións en curso o proxecto de gasto relativo á construción do CC de Salcedo por importe do certificado ata o fin de exercicio e que ascendía a 295.052,38.-€

4.- Como consecuencia de “activar” como subvención reintegrable os ingresos percibidos ata fin de 2014 derivados da execución do convenio co Ministerio de Fomento para o desdoblamento da N-550 e que ascendían a 2.156.055,17.-€, a conta de resultados de exercicios anteriores foi minorada nesa contía para rexistrar ese saldo a un de xaneiro de 2015 na conta 522 “Débedas a c/p transformables en subvencións”.

5.- En consecuencia o saldo final da conta 120 a 31 de decembro de 2014 pasou de 172.601.834,42.-€ a 11.899.680,21.-€ a 1 de xaneiro de 2015, de tal xeito que:

<b>Saldo conta 120 a 31 decembro de 2014</b>	<b>172.601.834,42 €</b>
Traspaso saldo conta 109 a 120	-128.153.995,18 €
Traspaso saldo conta 221 a 120	-30.392.103,92 €
Activación na conta 522 da subvención reintegrable	-2.156.055,11 €
<b>Saldo conta 120 a 1 de xaneiro de 2015</b>	<b>11.899.680,21 €</b>

6.- Foi desglosado o importe de 20.553.807,48.-€ recollido na conta 282 “AAIM” da ICAL 2004 reclasificándose en sete divisionarias das previstas no grupo contable do novo Plan 281.X “Amortización Acumulada do Inmobilizado Material” analizando as follas de cálculo empregadas desde o exercicio 2001 para a súa dotación anual; insistindo unha vez mais no feito de que se trata dunha amortización por saldos de contas agrupados ao non existir unha xestión do patrimonio que permita unha correcta e adecuada dotación das amortizacións.

7.- Así mesmo o saldo da conta 490 foi traspasado as divisionarias correspondente da conta 490 do novo Plan, neste caso ás conta 490.0 e 490.3.

8.- Tamén se levou a cabo a reclasificación nas correspondentes divisionarias do novo Plan Contable para as contas 413, 430, 431,400 e 408.

#### BALANCE, CONTA RESULTADO ECO-PATRIMONIAL E REMANENTE DE TESOURARIA 2014.